



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Técnicas de Organización e Redacción de Textos Oraís e Escritos-Galego		Código	613445018
Titulación	Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das técnicas de organización e redacción dos diferentes tipos de textos orais e escritos en lingua galega, así como análise de textos preexistentes e elaboración de textos propios de diversa tipoloxía, na procura de mellorar a súa organización e redacción tendo tamén en conta os recursos lingüísticos máis acaídos para cada tipo.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A7	Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.
A9	Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico.
A10	Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.
A14	Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.
A15	Que posúan un dominio dos recursos lingüísticos especializados da lingua da súa elección (español/ galego/ inglés).

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.			AP7
Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.			AP10
Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico.			AP9
Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.			AP14
Que posúan un dominio dos recursos lingüísticos especializados da lingua da súa elección (español/ galego/ inglés).			AP15

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Definción, caracterización e construción do texto	1.1. O texto e as súas propiedades 1.2. O contexto. O contexto sociocognitivo 1.3. O sentido do texto e o procesamento textual 1.4. Mecanismos de cohesión textual 1.5. Outras técnicas de construción textual
2. O texto oral e a súa organización	2.1. Continuum tipolóxico e visión dicotómica 2.2. Caracterización do texto oral 2.3. A análise da conversación e a súa organización 2.4. Outros textos orais: aspectos prácticos e organizativos 2.5. O uso da lingua na oralidade



3. O texto escrito e a súa organización	3.1. Caracterización da escrita 3.2. Organización do texto escrito 3.3. Importancia do parágrafo 3.4. Normas de construción de oracións e de escolla de palabras
4. Estilos e rexistros lingüísticos	4.1. Xénero, estilo e rexistro 4.2. Os recursos estilísticos e a calidade lingüística 4.3. A modalización do texto. Polifonía e intertextualidade. 4.4. Os rexistros lingüísticos
5. Xéneros e tipoloxías textuais. A súa caracterización lingüística	5.1. Consideracións previas 5.2. Os xéneros 5.3. Os tipos de texto: argumentativos, explicativos, descritivos, narrativos, conversacionais e instrutivos 5.4. Xéneros e textos particulares

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Lecturas	0	15	15
Recensión bibliográfica	0	10	10
Sesión maxistral	20	40	60
Traballos tutelados	0	40	40
Discusión dirixida	23	0	23
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Realizárase unha proba inicial para comprobar o nivel de lingua e de dominio da redacción consistente na corrección e mellora de dous textos e na elaboración dun texto novo do ámbito administrativo.
Lecturas	Entregarase o primeiro día de aulas un dossier con lecturas obrigatorias sobre diferentes aspectos do programa que servirán de complemento aos contidos teóricos expostos nas aulas presenciais.
Recensión bibliográfica	Entre as lecturas obrigatorias incluídas no dossier cada alumno ou alumna deberá realizar, de acordo co profesor/a, a recensión por escrito de unha delas e a correspondente exposición oral.
Sesión maxistral	En cada sesión haberá unha presentación inicial de contidos teóricos que desenvolvan o programa do curso, seguida de actividades prácticas e discusións dirixidas.
Traballos tutelados	Realizáranse dous traballos relacionados con algunha das seccións dos temas do programa que seleccionará o alumnado: un de modo individual e outro en grupo. Os pasos a seguir son: selección do tema, documentación, guión xeral, sesións periódicas co profesor ou coa profesora para o seguimento, preparación da presentación e exposición na aula.
Discusión dirixida	Após á exposición teórica de contidos, e á parte da posibilidade de o alumnado realizar en calquera momento as preguntas que estimar convenientes, someteranse a debate regularmente algúns aspectos do programa elixidos polo/a profesor/a, quen tamén irá sinalando o alumno ou alumna que deberá iniciar o debate. Trátase tamén de practicar o discurso oral e de mellorar a súa técnica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	O alumnado deberá escoller coa profesora ou profesor os temas dos seus traballos, consultar con estes o guión proposto e a metodoloxía a utilizar, e logo procurar resolver con eles as dúbidas que se presentaren. Antes da entrega definitiva, cada alumno ou alumna deberá mostrar ao profesor/a a versión previa do traballo, por se houber que introducir algunha modificación relevante.
---------------------	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Tamén neste caso se puntuará ao 50% o traballo escrito e a exposición oral, tendo moi en conta en ambos os casos o criterio da corrección lingüística e das técnicas de organización e redacción utilizadas, xuntamente co contido.	40
Lecturas	Cada alumno ou alumna deberá pasar unha proba de comprobación de lecturas que consistirá no resumo e comentario dunha delas, excluída aquela de que realizar a recensión escrita. Poderá facelo oralmente ou por escrito, segundo preferir.	30
Recensión bibliográfica	Neste caso puntuarase ao 50% a recensión escrita e a exposición oral, tendo moi en conta en ambos os casos o criterio da corrección lingüística e das técnicas de organización e redacción utilizadas.	10
Discusión dirixida	Valorarase tanto a participación de cada alumno ou alumna nas discusións dirixidas que o profesor/a lle encargar de inicio como aquelas outras intervencións que espontánea e voluntariamente fixer en todas as demais discusións.	20
Outros		

Observacións avaliación
No conxunto da avaliación vai ser tida moi en conta a asistencia e participación activa nas aulas, así como a técnica demostrada na elaboración de textos orais e escritos, onde se inclúe necesariamente a corrección e a calidade lingüística.

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua. A Coruña. SNL / Servizo de Publicacións da UDC- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo. A Nosa Terra- Koch, I. G. Villaça (2004). Introdução à lingüística textual. São Paulo. Martins Fonte- Cassany, D. (1998). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama- Ríos Noia, M. et al. (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. SNL / Servizo de Publicacións da UDC- Bassols, M. e A. M. Torrent (1997). Modelos textuales. Teoría y práctica. Barcelona. Octoedro- Garcia Negro, M. P. e X. Costa Casas (1995). O ensino da lingua. Por un cambio de rumbo. A Coruña. AS-PG- Estrela, E., M. A. Soares e M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL / Servizo de Publicacións da UDC- Flesh, R. e A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York. Harper Resource
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Marcuschi, L. A. (2001). Análise da conversación. São Paulo. Ática- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversación. Princípios e métodos. São Paulo. Parábola- Vilela, M. e Koch, I. (2001). Gramática da Língua Portuguesa. Coimbra. Almedina- Koch, I. G. Villaça e Bentes, M. (2007). Intertextualidade. Diálogos Possíveis. São Paulo. Cortez- Antunes, I. (2005). Lutar com palavras. Coesão e coerência. São Paulo. Parábola- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York. Collins- Bordons, G. et al. (1998). TXT La lingüística textual aplicada al comentari de textos. Barcelona. Universitat de Barcelona

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
O alumnado debe posuír dominio oral e escrito da lingua galega, con plena competencia en todas as destrezas básicas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías